

Un castelo de TERROR...

Unha ADIVIÑA...

...O SAMAÍN

Érase una vez uns nenos chamados Xoán e Marcos. Un día perdéronse, mellor dito, foron xogar ao bosque. Xogaron ao escondite, aos detectives, a pilla, a policías e ladróns e a moitos mais xogos (que xa vos contarei), así ata que se fixo de noite. Pero cando era noite pechada non souberon volver a casa, non vían ben e non daban atopado aquel xardín daquela casa pola que pasaran para chegar ao bosque.

En lugar diso viron un camiño e seguírono. No camiño había caveiras, ósos humanos e moitas mais causas terroríficas (sapos, cóbregas...)

No camiño tamén se atoparon con lobos que os intentaron comer, so porque pisaron o seu territorio. Había uns osos que lles dixeron:

-Se non marchades de do noso territorio nós tamén nos enfadamos.

Atoparon un elefante que con cara de poucos amigos dixo:

-Marchade sen tocar nada que se tocades algunha árbore ídelo pasar ben mal!

Xoán que tiña moito medo dixo:

-is...is...te...lu...lu...gar es...es...ta mo...moi...estranos, antes cando viñemos -dixo recuperando a voz- só había flores e animais fermosos pero agora só hai maleza e perigos.

Marcos que tamén tiña un pouco de medo dixo:

-Vale, iso xa o sei, pero temos que seguir camiñando para chegar a casa. Mira e iso que é? Parece un castelo!

E era exactamente un Castelo terrorífico que lle dixo:

-Ídelo pasar ben mal dentro de min, pero se quedades fora ídelo pasar peor.

E repetiu:

-Chámome TERROR! E abriu as portas.

Xoán e Marcos entraron no Castelo cheos de medo. Dentro había un corredor enorme cheo de portas. Escoitaron de novo a voz de Terror que dixo:

-A última porta ten una adiviña de terror. Se a adiviñades coñeceredes o segredo deste Castelo.

O corredor estaba cheo de portas, de cadros con pantasma, bruxas e monstros. Xoán e Marcos estaban tan asustados que non podían conter a respiración e case lles da un patatús.

Na última porta había un letreiro que poñía:

Sapos e bruxas,  
Aneis de meigas  
Mortos e pantasma  
Allos conteñas  
Inferno infernal  
Neste lugar.

Xoán e Marcos puxéronse a cavilar cal sería o significado daquela adiviña. Collendo a primeira letra de cada liña formaron a palabra **SAMAÍN**, e dixérona en voz alta e forte.

De súpeto abriuse a porta e apareceu o camiño que os levaba a súa casa.

E a partires dese día a familia de Xoán e Marcos celebran todos os anos o día do

**SAMAÍN.**

Aida Duarte Recarey 4ºA